

"Medidas de protección da imaxe da muller nos medios de comunicación e publicidade"

Módulo 1: Análise histórica sobre os roles de xénero



EGAP- luns 21 de marzo de 2011

Durante a Cuarta Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre a Muller celebrada en 1995 en Pekín, asentouse definitivamente o concepto del “xénero”, cuxo alcance diferenciase notablemente do “sexo”, xa que mentres este último se refire a características xenéticas naturais, o xénero é unha construción cultural integrada por ideas, crenzas e atribucións vixentes nun espazo social, cultural e histórico.

Así, tras constatar unha situación que perpetúa un trato desigual entre mulleres e homes, fundamentase a igualdade de oportunidades.

Compre sinalar que dende o punto de vista xurídico, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres forma parte consubstancial dos dereitos Humanos e entendese eixo fundamental de calquera ordenamento democrático.

Dende mediados do S.XX, e grazas as constantes reivindicacións que se veñen facendo ao longo da historia, xunto cos cambios sociais acontecidos, o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres recollese na lexislación de organizacións internacionais, europeas ou nacionais supoñendo un primeiro paso para avanzar na igualdade formal. Sen embargo, a igualdade real non se consegue sómente mediante a aprobación de leis xa que a división e xerarquización histórica de competencias, funcións, espazos nos que deben emprazarse homes e mulleres consolidou valores e actitudes sexistas que son difíciles de remover e que sustentan situacións de discriminación sexual.

Avanzar na igualdade de oportunidades supón, por ende, tomar conciencia da discriminación histórica que ven relegando ás mulleres a posicións de inferioridade con respecto os homes e recoñecer a necesidade de asumir o concepto de igualdade de xénero como un principio encamiñado a acadar unha sociedade mais equitativa, equilibrada, mais xusta.


CONCEPTO DE IGUALDADE

- SOMOS TOD@S IGUAIS?

O dereito foi inventado polos seres humanos para facer valer a diferenza individual. Non para que todos/as sexamos iguais, senón para que cada cal teña dereito a ser diferente.


(Pérez Royo)





IGUALDADE DE XÉNERO


- ❑ A igualdade de xénero implica o recoñecemento e igual valoración social de homes e mulleres, así como das tarefas e funcións que realizan. Este concepto supón a ausencia de calquera tipo de xerarquía dun sexo sobre outro, así como a plena participación de mulleres e homes en tódolos ámbitos da sociedade: público, laboral, privado.



PERSPECTIVA DE XÉNERO

Sistema de análise da realidade que incorpora a variable “Xénero” para analizar a realidade social e realizar propostas de cambio de cara acadala igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Unha mesma realidade pode ser interpretada de múltiples formas dependendo na perspectiva na que te sitúes.



SEXO

Constitúe as características físicas que marcan as diferenzas biolóxicas e funcionais entre machos e femias respecto a reprodución sexual.

XÉNERO

Fai referencia as diferenzas sociais, por oposición as biolóxicas, entre homes e mulleres. Estas diferenzas son aprendidas, mudan co tempo e presentan grandes variacións entre diversas culturas.c

ROLES DE XÉNERO


Conxunto de funcións, tarefas, responsabilidades, prerrogativas que se xeran como expectativas / exixencias sociais e subxectivas; é dicir, unha vez asumido o rol por unha persoa, a xente da súa contorna esixe que o cumpra e pon sancións se non se cumpre. A mesma persoa xeralmente o asume e as veces constrúe a súa psicoloxía, afectividade e autoestima en torno a él..


ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Ideas simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características psicolóxicas e físicas dos homes e das mulleres.

Os estereotipos impulsan as persoas a desempeñar unha serie de tarefas e funcións, así como a ter comportamentos considerados propios de homes ou de mulleres polo mero feito de pertencer a un ou outro sexo.

Os estereotipos son un importante condicionante no desenvolvemento das persoas nos diferentes ámbitos da vida.





Reflexione en torno á seguinte situación:

Observe estes tres recipientes, cada un deles ten capacidade para 3 litros .


Recipiente nº 1



Recipiente nº 2



Recipiente nº 3



Explique qué factores lles fai ser: iguais, diferentes, únicos, diversos

Sinala cun x os atributos que as culturas atribuen tradicionalmente a cada sexo. Marca cun x, tamén, os atributos que crees que posees ti.

ATRIBUTOS	HOME	MULLER	TI MESMA/O
Fantasía			
Independencia			
Humildade			
Temor			
indecisión			
Valentía			
forza			
Seguridade			
Tenrura			
Poder e autoridade			
Competitividade			
Rebeldía			
Prudencia			
Obediencia			
Intelixencia			
Risco			
Gusto pola estética			
Sensibilidade			

PROCESO DE SOCIALIZACIÓN

Proceso polo que as persoas asimilan e fan seus os elementos culturais e sociais que favorecen e garanten a adaptación a e integración social.

IDENTIDADE SOCIAL

Defínese como a parte do autoconcepto dunha persoa que se deriva da percepción de concibirse como membro dun grupo.


SOCIALIZACIÓN DE XÉNEROS

Proceso polo que as persoas aprenden e interiorizan, ó longo do seu ciclo vital, os valores, expectativas, roles ... que teñen que desempeñar e aqueles que deben rexeitar en base ao xénero.

IDENTIDADE DE XÉNERO

Estrutura mental e emocional que permite recoñecerse como ser varón ou ser muller.

PRINCIPAIS AXENTES SOCIALIZADORES



*(consideración dunha persoa como unha cousa)

IGUALDADE FORMAL

Equiparación de homes e mulleres mediante medidas lexislativas.

- Supón o recoñecemento xurídico da igualdade.
- Inclúe a non discriminación por razón de sexo.
- Persigue a eliminación de todas as formas de discriminación explicitamente recollida nas leis.
- É necesaria para erradicar as discriminacións directas.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA

Consiste en tratar de forma desigual a unha persoa tomando como base un dos motivos prohibidos polo ordeamento xurídico, como pode ser o sexo, e prexudicial para o colectivo que o recibe.

IGUALDADE REAL

Eliminar toda discriminación de trato, por razón de sexo, en calquera ámbito da vida.

- Supón a interposición de medidas necesarias para que a igualdade sexa efectiva.
- É necesaria para erradicar as discriminación indirectas.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA

Consiste en establecer condicións formalmente neutras respecto o sexo pero que resultan desfavorables para as mulleres ou homes e ademais carecen dunha causa suficiente, obxectiva, razoable e xustificada.

IGUALDADE FORMAL

IGUALDADE REAL

Que
implica

DISPOR DUN MARCO
LEXISLATIVO

SUPERACIÓN DE ACTITUDES E
VALORES DISCRIMINATORIOS

A quén
implica

dictaminado polos diferentes
organismos públicos
(Internacionais, Nacionais,
Europeos)
en materia de igualdade de trato
entre mulleres e homes

A sociedade en xeral

Sobre que
incide

DISCRIMINACIÓN DIRECTA

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA

SUPERACIÓN

CONSECUENCIA

IGUALDADE DE XÉNERO
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
ENTRE HOMES E MULLERES

DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO

Sistema de organización do traballo que ten como criterio de diferenciación dos espazos e as funcións sociais, o sexo das persoas. Segundo o modelo de organización patriarcal, as mulleres asígnaselle, preferentemente, o espazo do privado e as tarefas domésticas e de coidado das persoas e os homes o espazo público e o traballo remunerado.

Aínda que este modelo se está transformando, fundamentalmente pola vía da incorporación das mulleres ao mercado laboral, segue estando na base das desigualdades de xénero. As mulleres continúan sendo case as responsables únicas do traballo reprodutivo, con escaso recoñecemento e valor social.

USO DO TEMPO

O estudo do diferente uso que fan do tempo mulleres e homes, é un elemento clave para analizar dende a perspectiva de xénero as consecuencias da desigual atribución de responsabilidades e tarefas sociais en función do sexo das persoas.

- Os varóns teñen un comportamento moito máis homoxéneo en canto ao uso do tempo, dedicado a maior parte deste as actividades remuneradas.
- O tempo dedicado as tarefas domésticas ou de coidado (de realización e planificación) por parte das mulleres é significativamente moi superior ao dedicado polos varóns.
- As mulleres que traballan fora da casa soportan unha *carga global de traballo moi superior a dos varóns fenómeno que se denomina “dobre xornada”*.



FENDA SALARIAL DE XÉNERO

Defínese como a diferenza relativa que existe na media dos ingresos brutos / hora, de mulleres e homes, en todos os sectores da economía. Por termo medio, as mulleres de toda Europa ganan arredor dun 17% menos que os homes. En España, o dato elevase a un 31,7%.

TEITO DE CRISTAL

Denomínase á barreira invisible coa que se atopan as mulleres nun momento determinado no seu desenvolvemento profesional, de modo que unha vez chegado a este punto moi poucas franquean dita barreira, estancándose a súa carreira profesional. As causas deste estancamento proveñen na súa maior parte dos prexuízos empresariais sobre a capacidade das mulleres para desempeñar postos de responsabilidade, así como sobre a súa dispoñibilidade laboral ligada á maternidade e as responsabilidades familiares e domésticas, actividades que solen coincidir coas fases de itinerario profesional ligadas á promoción profesional.

CHAN PEGAÑENTO

Agrupa as forzas que manteñen a tantas mulleres atrapadas na base da pirámide económica. As causas deste estancamento proveñen na súa maior parte dos prexuízos empresariais sobre a capacidade das mulleres para desempeñar posto de responsabilidade, así como a súa dispoñibilidade laboral ligada a maternidade e as responsabilidades familiares e domésticas, actividades que solen coincidir coas fases de itinerario profesional ligadas á promoción profesional.